



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2019 → 2020

XOVES 26
SETEMBRO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Joana Carneiro Directora

CONCERTOS
DE ABONO

Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
JOANA CARNEIRO Directora

PROGRAMA

I **JOHN ADAMS (1947)**

Shaker Loops (26')

Shaking and Trembling

Hymning Slews

Loops and Verses

A Final Shaking

II **PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)**

Sinfonía núm. 4 en fa menor, op. 36 (44')

Andante sostenuto

Andantino in modo di canzone

Scherzo: Pizzicato ostinato

Finale: Allegro con fuoco

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Violíns I

James Dahlgren
(Concertino)
Adriana Winkler
(Axuda de Concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Michal Ryczel
Claudio Guridi
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Ildikó Oltai

Violíns II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Irina Gruia
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Samira Ajkic
Elina Viksne
Nazaret Canosa (R)

Violas

Tilman Kircher *
Natalia Madison **
Iriana Fernández

Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher

Violoncellos

Plamen Velev *
Carlos García **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Ailsa Lewin
Milagros García (R)

Contrabaixos

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

Frautas

Laurent Blaiteau *
Marta Gómez (R)
Luis Soto **

Óboes

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

Clarinetes

Beatriz López *
Jorge Ripoll (R)

Fagotes

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

Trompas

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre (R)

Trompetas

Javier Simó *
Ramón Llátser **

Trombóns

Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Marcos Dorado (R)

Tuba

Miguel Franqueiro (R)

Timbal

José Vicente Faus *

Percusión

Marta Prado (R)
Pablo Cabanelas (R)
Isabel Diego (R)

JOANA CARNEIRO

Directora

A aclamada directora portuguesa Joana Carneiro é a batuta principal da Orquestra Sinfónica Portuguesa e do Teatro São Carlos de Lisboa. De 2009 a 2018 foi directora musical da Sinfónica de Berkeley, sucedendo a Kent Nagano como a terceira directora musical nos 40 anos de historia da orquestra. Na actualidade é directora convidada da Orquestra Gulbenkian.

Compromisos recentes e futuros inclúen actuacións coa Sinfónica da BBC, Real Filharmónica de Estocolmo (á que dirixiu na cerimonia do Premio Nobel en 2017), Sinfónica da Radio Sueca, Sinfónica de Gotemburgo, Orquestra do Centro Nacional das Artes de Ottawa e a Filharmónica da BBC. En 2018 dirixiu *It's a wonderful town* de Bernstein coa Ópera Nacional Danesa e este ano unha nova produción de *Carmen* na Ópera Real de Estocolmo.

É reclamada para conducir programas contemporáneos. Debutou coa Ópera Nacional Inglesa dirixindo a estrea mundial de *O evanxeo segundo a outra María* de John Adams. En 2016 dirixiu unha produción de *A paixón de Simón* no Festival Ojai que foi moi aclamada, e unha produción do *Libro da inquietude* de Van der Aa coa London Sinfonietta. Tamén traballa con regularidade co cantautor e compositor Rufus Wainwright.

Ten dirixido a Real Filharmónica de Liverpool, Royal Philharmonic, Filharmónica de Radio Francia, Ensemble Orchestral de París, Orquestra de Bretaña, Sinfónica de Norrköping, Orquestra de Norrlands, Orquestra da Residencia da Haia, Filharmonía de Praga, Sinfónica de Malmö, Orquestra Nacional de España e a Sinfónica do Teatro La Fenice na Bienal de Venecia. Tamén se puxo á fronte da Filharmónica de Hong Kong, Orquestra de Cámara de Macao e da Orquestra de Beijing no Festival Internacional de Música de Macao. En América dirixiu a Filharmónica de Los Ángeles, Sinfónica de Toronto, Orquestra de Cámara de San Pablo, Sinfónica de Detroit,

Sinfónica de Colorado, Sinfónica de Indianápolis, Orquestra de Cámara de Los Ángeles, Sinfónica del Nuevo Mundo e a Sinfónica do Estado de São Paulo.

En 2010 dirixiu *Edipo Rei* e a *Sinfonía dos Salmos* de Stravinski no Festival de Sidney, que gañou o Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto de Orquestra Sinfónica en 2010. Dirixiu un proxecto vencellado ao Festival de Nova Zelandia en 2011 e, como resultado, foi convidada a traballar coas Orquestras Sinfónicas de Sidney e Nova Zelandia.

En 2002 foi finalista do prestixioso concurso de directores Maazel-Vilar no Carnegie Hall. En 2003-2004 traballou cos mestres Kurt Masur e Christoph von Dohnanyi e dirixiu a Filharmónica de Londres como un dos tres directores elixidos para a Academia Internacional de Directores da Fundación Cultural Allianz de Londres. De 2002 a 2005 foi Directora Asistente da Orquestra de Cámara de Los Ángeles e Directora Musical da Orquestra da Fundación Xoves Músicos de Los Ángeles. De 2005 a 2008 foi borseira na Filharmónica de Los Ángeles, onde traballou con Esa-Pekka Salonen e dirixiu varias actuacións no Walt Disney Concert Hall e no Hollywood Bowl.

Natural de Lisboa, comezou a súa formación musical como viola antes de recibir o seu título de directora da Academia Nacional Superior de Orquestra en Lisboa, onde estudou con Jean-Marc Burfin. Recibiu a súa maestría en dirección de orquestra da Northwestern University como alumna de Victor Yampolsky e Mallory Thompson. Realizou estudos de doutoramento na Universidade de Michigan, onde se formou con Kenneth Kiesler. Ten participado en clases maxistras con Gustav Meier, Michael Tilson Thomas, Larry Rachleff, Jean Sebastian Bereau, Roberto Benzi e Pascal Rophe.

En 2010 recibiu o Premio Helen M. Thompson, outorgado pola League of American Orchestras e que recoñece a prometedores directores. En 2004 foi condecorada polo presidente da República Portuguesa coa Encomenda da Orde do Infante Don Henrique.

John Adams (1947)

Tras completar a súa formación en Harvard como clarinetista, director de orquestra e compositor, John Adams foi profesor no Conservatorio de San Francisco durante dez anos e compositor residente da Sinfónica desa cidade entre 1978 e 1985. Influenciado polo jazz, o ragtime, incluso o rock e movementos como a atonalidade, a música electrónica, xunto con Philip Glass, Steve Reich e Terry Riley, Adams asóciase co minimalismo: a concisión do material musical que lonxe de ser desenvolvido, é repetido constantemente con pequenas transformacións; baséanse en ritmos aditivos e a súa harmonía é, xeralmente, dunha enorme sinxeleza. A deliberada simplificación define estéticamente a música minimalista. *Shaker Loops*, posiblemente a obra máis interpretada de Adams, orde como cuarteto de corda en 1977 e titulada *Wavemaker*, o compositor retiraa do su catálogo debido ao pouco éxito mais os materiais interesábanlle e adaptounos para septeto de cordas en outono de 1978 co título actual e nesta ocasión pequenos módulos melódicos técese a elección dos instrumentistas nun contexto máis preto ao minimalismo experimental. En 1982, Adams reescribiuna para orquestra de cordas pero sen as liberdades interpretativas da versión anterior mantendo as sonoridades repetitivas pero manipuladas para ter maior control nos resultados formais e expresivos. O título é un xogo de palabras entre *loop*, un bucle resultado de pegar as dúas puntas dun tramo de cinta magnética para crear un ciclo sen fin e *shake* que fai referencia ao trémolo dos instrumentos de arco, pero o compositor utiliza *shaker* en relación á Iglesia Milenaria coñecida como os *Shakers*. O uso de bucles de cinta pode proporcionar a repetición constante de material musical, sen embargo, os bucles melódicos de Adams difiren entre si en lonxitude e, cando se escoitan xuntos, resultan a interacción que cambia constantemente. *Shaker Loops* consta de catro movementos unidos composta predominantemente de trinos e trémosos sometidos aos controis musicais da repetición e a diferentes niveis dinámicos, analizada

así polo propio compositor: "As catro seccións, a pesar de estar unidas por igual, son realmente moi distintas, cada unha delas caracterizada por un estilo particular de xogo de cordas. Os movementos exteriores están dedicados ao 'tremor', o movemento rápido e rítmico do arco a través das cordas. Os 'slews' da Parte II son lentos, lánguidos *glissandi* que se oen flotando dentro dunha piscina case inmóvil de son estacionario (tocado *senza vibrato*) [...] A Parte III é esencialmente melódica, cos cellos tocando liñas longas e líricas (que sen embargo son bucles) sobre un fondo de violíns silenciados, unha actividade que gradualmente toma velocidade e masa ata que culmina na salvaxe sección de *push-pull* que é a parte emotiva da peza. Os harmónicos flotantes, unha especie de pantasma desencarnado das figuras *push-pull* da Parte III, sinalan o comezo da Parte IV, unha danza final dos arcos a través das cordas que conclúe coas catro voces superiores balanceándose lixeiramente sobre os harmónicos naturais das súas cordas, mentres que os cellos e os baixos proporcionan un punto de pedaleo silencioso por debaixo".

Piotr Ilich Chaikovski (1840-1893)

Dous feitos na vida de Chaikovski están vinculados á composición da *Sinfonía núm. 4*: o seu aciago matrimonio con Antonina Miliukova, antiga alumna do Conservatorio, e a súa relación cunha adifeirada admiradora, Nadezhda von Meck quen comezou facéndolle modestos encargos; despois préstamos a fondo perdido ata asignarlle unha paga mensual que durou arredor de catorce anos, os mellores da súa produción: *Eugene Onegin*, Cuarta e Quinta Sinfonías, *Concerto para violín*, *O lago dos cisnes*, *A bela durminte* ou *Sinfonía Manfred*. Foi mecenas, amiga, e intercambiaron correspondencia sen coñecerse persoalmente; a relación perfecta para o compositor: intimidade intelectual e distancia física. Chaikovski abandonou á súa esposa e fuxiu cos cartos da Condessa von Meck. Nese momento, mergúllase na *Sinfonía núm.*

4 dedicada á súa benfeitora e 'mellor amiga' e así llo comunica por carta o propio autor "... unha sinfonía que comecei a escribir este inverno e que quero dedicarlle, porque nela encontrará o eco das súas ideas e dos seus sentimentos máis fondos". Aínda que estreada, en 1878, coa dirección de Nikolai Rubinstein foi recibida con frialdade polo público e con emoción por von Meck solicitando o programa da obra a Chaikovski quen, ante tal petición, describiu así: "*Andante sostenuto-Moderato con anima (Vals)*: a Introducción contén o xérmolo de toda a sinfonía, indubidablemente a súa idea principal. Esta é o Destino... [a modo de fanfarra nos metais]. Un debe someterse a el e refuxarse en anhelos inútiles. Este sentimento de ausencia de ledicia e de esperanza, faise máis forte e máis devorador. Acaso non sería mellor poñerse de costas á realidade e mergullarse nos soños? [...] Unha imaxe humana xenerosa e luminosa, pasa voando e invita a seguila. Que marabilla! Que distantes parecen xa os sons do importuno primeiro tema do *Allegro*. Pouco a pouco os soños envolveron completamente a alma. Todo o que era sombrío e triste quedou esquecido. A felicidade está aquí; está aquí! Pero non!, soamente eran soños e o Destino espértanos con crueza [...] *Andantino in modo di canzona*: o segundo movemento da sinfonía expresa outra fase do anhelos. Trátase da melancolía que nos invade cara ao solpor, cando estamos sentados sós, cansos de traballar... É agradable lembrar a propia xuventude e lamentar o pasado, pero non hai ningún desexo de recomezar. A vida agotounos. [...] Houbo momentos felices, cando o sangue novo latexaba cálido e a vida era gratificante. Houbo tamén momentos de dor, de perda irreparable. Todo está no pasado remoto. É á vez triste e un algo doce perderse no propio pasado. A melodía da *canzona* é recitada polo óboe, despois polo violoncello e a continuación polo fagot, e na parte central, podemos escoitar a chamada do Destino do movemento anterior. *Scherzo (Pizzicato ostinato)-Allegro*: o terceiro movemento non expresa sensacións definidas. É un arabesco caprichoso, aparicións fugaces que

pasan pola imaxinación cando un tomou un pouco de viño e está comezando a primeira fase da embriaguez [...] Un non pensa en nada; a imaxinación está en total liberdade e por algún motivo comezou a pintar cadros curiosos. Entre eles un lembra súbitamente algúns *muzhiks* borrachos de parranda e unha canción de rúa. Despois un desfile militar pasa ao lonxe. Logo as imaxes inconexas que pasan pola cabeza dun cando empeza a durmir. Non teñen nada en común coa realidade, son estranas, exóticas, incoherentes. Este *Scherzo* presenta a clásica forma ABA, onde a parte A está interpretada por toda a corda en *pizzicato*, en acusado contraste coa parte B, onde unha cancionciña de aspecto intencionadamente vulgar é asubiada polo vento madeira, mentres os metais tocan unha marcha militar. *Finale. Allegro con fuoco*: si un non logra descubrir razóns para a felicidade nun mesmo, hai que mirar aos demais. [...] É o cadro dunha festa popular. Pero apenas deixaches de pensar en ti e deixácheste cautivar pola ledicia dos demais, cando o implacable Destino reaparece e rememora as túas lembranzas. Pero os demais non te prestan atención. Nin sequera se volven, nin te miran, non notan que estás só e triste...”

Xoves 3 de outubro

20.30 h

Noite de zarzuela

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Manuel Coves, director
Miren Urbietta-Vega, soprano
Damián del Castillo, barítono
J. Guridi, extractos das zarzuelas La meiga, El caserío e Mirentxu
R. Soutullo/ J. Vert, extractos de La leyenda del beso e La del Soto del Parral
F. Moreno Torroba, extractos de La marchenera, Maravilla e Luisa Fernanda
P. Sorozábal, extractos de Black, el payaso e La del manajo de rosas

19.45 h

Sala Mozart

Conversando con ...

Manuel Coves
Coproducción Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela



Xoves 17 de outubro

20.30 h

NORTE, SUL E LESTE

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director
Dmytro Choni, piano
F. Schubert, *Abertura en Re maior, D. 590 "En estilo italiano"*
F. Chopin, *Concerto para piano núm. 2 en fa menor, op. 21*
F. Mendelssohn, *Sinfonía núm. 3 en la menor, op. 56 "Escocesa"*

19.45 h

Sala Mozart

Conversando con ...

Maximino Zumalave, director

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia
@CCultura